

REUNIÓN

Dirección – Comité 2/06/09

PLAN de BAIXAS

Iniciase esta reunión presentando a Dirección un documento que recolle un Plan de Baixas Voluntarias para o arredor dunhas 300 traballadores/as do Taller por un período dun ano, que podería ser prorrogado.

Estas serían as indemnizacións do Plan de Baixas por escalas e idades:

Anos de idade	Límite Salario Anual Bruto
Menor de 58 anos	3.5 anualidades
58 anos	3.5 "
59 "	3.0 "
60 "	2.5 "
61 "	1.1 "
62 "	0.6 "
63 "	0.5 "

A diferenza das baixas por "despidos pactados" que se viña practicando nestes meses atrás, onde o traballador/a percibían unha cantidade aproximada a indemnización de 45 días por ano, en consecuencia non tiñan retención fiscal (IRPF), do que esperabamos algo novedoso, a Dirección reedita o Plan de épocas anteriores, onde unha parte importante da indemnización está suxeita a retencións.

Como da experiencia de procesos anteriores, houbo máis dunha sorpresa, por haber feito as contas da leiteira, reiterar que calquera que estivera interesado/a en dar este paso, debe asesorarse moi ben, pois son varios os factores que interceden no proceso.

Podíamos poñer algún exemplo, pero como cada un de nos pode ser unha realidade distinta, pola idade, polos anos cotizados, si se empezou antes do ano 67 etc. etc, insistimos en que este paso se dea con tódalas garantías de coñecemento do que nos vai suceder coa indemnización que en bruto vamos percibir..., en que situación nos vai quedar tanto no Paro como a Pensión de Xubilación. De levarse adiante, a C.I.G., como sempre terá a disposición de quen o necesite dito asesoramento.

Para a C.I.G. con independencia de este ou calquera plan de baixas voluntarias, volta a insistir da necesidade de activar a Xubilación Parcial, capítulo este que a Dirección non contempla namentres non se incrementa a produción. Neste sentido a C.I.G pregunta cal sería a cifra para voltar a súa aplicación. A Dirección considera que debe ser superior as 360.000 unidades. Neste ano contan acadar o redor dos 330.00 vehículos.

PRODUCCIÓN

De novo a Dirección, e apesares das discrepancias que mantivemos a parte Social sobre a fórmula de realizar a produción de Xullo e Setembro, mantén o seu prantexamento de realizar sábados extras e o alongamento de xornada para o Sistema II na quenda de tarde de luns a xoves. Sobre este tema apelamos a reflexión dos traballadores/as, *pensemos que compañeiros/as que fai poucos meses estaban con nos, se foron o paro -quen o tiña- por manter os nosos empregos fixos*, e por elo razoable, que neste repunte, por pequeno que sexa, nos acordemos deles.

Teñamos presente tamén, que tódalas axudas de diñeiro público que demandamos das diferentes Administracións para axudar o sector, tiñan como fin a conservación do emprego. Non velar nestas circunstancias, sería non so defender emprego senón tamén ter un xesto solidario para quenes se foron para nos quedar.

Embutición.- Dado este repunte de produción, aquí si se vai proceder a contratación de máis de 60 persoas para voltar a poñer en marcha as quendas "verde e vermella".

CARGAS DE TRABALLO.- Para finalizar os temas importantes, a C.I.G. fixo un repaso dos compromisos contraídos pola Dirección en diferentes foros a respecto do que ven ocorrido con toda a problemática das cargas de traballo, as composicións e o sistema Andón.

Neste sentido e para demostrar o abuso que se fai cos recortes dos tempos, e sospeitoso que a Empresa siga negándose a facilitar os datos dos efectivos que se veñen perdendo cada vez que se muda a produción, outro tanto pasa coas composicións que non se respecta, ¿ porque non se afronta esta problemática, cando se admite que un 50% dos postos teñen dificultades para ser realizados?. No tema Andón que como recordamos foron 13 minutos que nos quitaron da nosa fatiga, están sendo utilizados para ocultar incidencias que nada teñen que ver con este sistema. A Dirección parece ser sabedora de algunhas dificultades, e piden que deixemos o debate aberto para que, entre todos corrixis estas irregularidades.

Confederación Intersindical Galega

www.cigcitroen.com